



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 29/07/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na parroquia de Vilaboa, hai unha pista no lugar de Casaldesanta, que remata na estrada provincial que sobe a Postemirón desde Acuña, que presenta un estado lamentable.

Os 100 metros de lonxitude deste vial son dificilmente transitables, tanto á pé como en vehículo, polo deterioro da capa de asfalto completamente desfeita que unida á pendente fai que o merrullo discorra por ela abaixo, polo que necesita un novo asfaltado. Ademais, a pista necesita unha recollida de augas en condicións, actualmente inexistente, que evite que se deteriore o seu firme.

Esta pista é utilizada a cotío polos veciños e veciñas do entorno, xa que une a parte de arriba de Vilaboa coa de abaixo e hai un importante número de vivendas e leiras no lugar.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. O Concello de Vilaboa acondicionará a pista de Casaldesanta consistente nun novo reasfaltado e acondicionamento da súa recollida de augas.

Vilaboa, 28 de xullo de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA